abrente

INTG

Secretaría da Muller da INTG

Rúa S. Salvador 5, Ent. Vigo, GALIZA

8 de MARZO

Día da muller traballadora

Pola Paz

1º Encontro Sindical de Mulleres

Os dias 11 e 12 de febreiro celebrouse en Vigo, o **1º Encontro Sindical de Mulleres.** Organizado pola **Concellaria da Muller** do Concello de Vigo, contou coa participación de máis de cen delegadas sindicais. A nosa Central participou nestes encontros cun importante número de delegadas, asi como coa presentación dunha Ponencia sobre **a Situación Laboral da Muller en Galiza na actualidade.**

Houbo outras ponencias de grande importancia para o noso traballo sindical das cales se tirarón as seguintes conclusións:

Traballo femenino, tipos de contrato

Esta Ponencia foi presentada por Julia Lopez, profesora do dereito ao traballo na Universidade Ponpeu Fabra de Barcelona, sendo as conclusións as seguintes:

1.- O mercado de traballo está en precario, sendo imposíbel máis flexibilidade. Para as mulleres, que historicamente partimos dunha situación de descriminación, as repercusión negativas que esta situación xenera son ainda máis duras.

2.- Podemos dicer que hoxe existe un tipo de contratación a "a **carta**" e que a Administración é a primeira que practica a precarización do traballo.

3.- Cando se decidiu por parte do governo a Contratación temporal, xustificouse dicindo que esta ia crear emprego. Na práctica resulta que o vén reducindo. Dende entón teñen aumentado os contratos pero non os empregos. Un só posto de traballo pasa a estar cuberto por diferentes contratos eventuais.

4.- Cando dende o governo se dicia que o que se pretendia co chamado **"Decretazo" era dar máis covertura social,** o certo é que non foí asi, disminuindo as prestacións por desemprego.

Absentismo laboral, mito ou realidade

Juan José Castillo, profesor de Socioloxia do Traballo da Complutense de Madrid, desenvolveu esta Ponencia coas conclusións seguintes:

1.- O absentismo laboral é un mito. Cando o empresario fala de niveis de absentismo próximos ao 10%, inclue as baixas por enfermidade causadas, nunha porcentaxe moi elevada, pola mala organizacióndo traballo e por incumprimento das normas de seguridade e hixiene.

2.- En iguais condicións de traballo o absentismo laboral da muller é inferior ao dos varóns.

3.- As investigacións realizadas proban que só razóns ideolóxicas poden xustificar políticas de xestión de forza de traballo discriminatorio para a muller, utilizando o absentismo como cortina de fume.

> En iguais condicións de traballo o absentismo laboral da muller é inferior ao dos varóns.

Acoso sexual no traballo

Esta Ponencia foi presentada por Carmen Pujol Algáns, avogada experta na defensa dos direitos da muller de Madrid.

1.- Un informe da O.I.T.,publicado en novembro de 1992 manifesta que o acoso sexual constitue un fenómeno xeralizado, estando regulado en 24 paises. Ten un custe social e empresarial moi elevado. As mulleres temos tan interiorizado que o acceso ao mercado de traballo supón ter que aturar acosos sexuais que ás veces nos custa identificarnos como víctimas, pois é unha conducta socialmente aceptada.

2.- A C.E.E. elaborou un código de conducta ao efecto de prevenir o acosos sexual no traballo.

3.- A normativa española é insuficiente, mais existen mecanismo para denunciar hoxe o acoso sexual: Pola via laboral, pola Lei de Infraccións e Sancións e a via penal.

Pola citada Lei o empregador poderia ser sancionado por actos de acoso cunha multa de até 15.000.000 de ptas.

4.- Considérase moi positivo que o **II Plan de Igualdade de Oportunidades** das Mulleres, recén aprobado polo Consello de Ministros de España, prevea a inclusión do acoso sexual como infracción do direito de seguridade e saúde no traballo.

Esta Ponencia foi presentada por Teresa Perez del Rio, profesora titular do Dereito do Traballo da Universidade de Cadiz-Jerez. Membra do Comité de Expertos da C.E.E., EN MATERIA DE DISCRIMINACIÓN.

Discriminación salarial da muller

1.- A discriminación salarial segue existindo, adoptando hoxe formas de discriminación indirectas, por infravaloración inxustificada dos traballos tradicionalemente desenvolvidos pola muller. Tanto o primeiro como o segundo destes conceptos son pouco coñecidos polas persoas que se ocupan de creación, interpretación e aplicación do dereito nos paises europeos en xeral e sobre todo no Estado Español.

2.- A nosa normativa: o Estatuto do Traballador, o Decreto de Ordenación do Salario e moitos dos convenios colectivos incumplen a normativa e xurisprudencia comunitaria en materia de igualdade salarial.

3.- O coñecimento das normas comunitarias e dos instrumentos internos de protección antidiscriminatoria que existen hoxe na nosa orde xurídica, fanse absolutamente necesarios para eliminar unha situación que además de ser inxusta viola un dereito fundamental constitucionalmente recoñecido: **O PRINCIPIO DE IGUALDADE E DE NON DISCRIMINACIÓN POR RAZÓN DE SEXO.**

POLA PAZ

Vivimos nun mundo en crise, nun mundo cheo de conflictos, nun mundo no que a palabra **PAZ volve ser de novo unha esixencia**, unha **necesidade, un reclamo,.....**

Dende hai meses chegan noticias que nos falan de falta de traballo, de insolidariedade, de xenofòbia, de violencia, de guerras,....

Este **8 de Marzo a** SECRETARIA DA MULLER DA I.N.T.G.- C.I.G non pode deixar pasar esta data sen facer referencia a estas situacións que están afectando directamente á MULLER.

Dende aquí queremos mandar a nosa solidariedade a todas as mulleres que están a sufrir situacións inxustas, situacións de violencia física e psicolóxica, a todas esas mulleres que están a sufrir tácticas de guerra que pensabamos desterradas deste continente "civilizado" (?) no que nos ten tocado vivir.

Non podemos esquecer o que está a acontecer no que até hai pouco foi Iugoslavia. A **violación sistemática de mulleres** en Bosnia parécenos do máis deleznable e manifestamos a nosa máis enérxica condena. Hitler quixo eliminar aos xudeos utilizando as cámaras de gas. Nesa parte de Europa hoxe en día semellan utilizar métodos máis sofisticados pero igual de crueis para o mesmo fin: **"a limpeza étnica".**

Hai organizacións internacionais que están esixindo que se creen tribunais que xulguen estes crimes de guerra. Parécenos moi ben. Pero nós, mulleres, sabemos que este feito está pondo de manifesto un problema máis grave: a guerra existe nesa parte do mundo que até onte eran distintas nacións "convivindo" nun mesmo Estado. O recurso ás armas orixina unha situación de violencia moito máis agresiva para a muller naquela zona porque tamén alí "convivian" comunidades de distintas crencias culturais e relixiosas. Pedimos a PAZ para eses pobos, queremos que os seus dirixentes esquezan actitudes intransixentes, que escoiten o corazón dos seus habitantes e que busquen solucións que permitan que de novo poidan vivir en **PAZ** respetando os **dereitos humanos** de todas e todos os seus habitantes. **ESIXIMOS PAZ.**

Tamén este **8 de Marzo** as mulleres da I.N.T.G. - **C.I.G** queremos lembrar e enviar un saúdo a **Rigoberta Menchu**, a quen lle foi concedido o Premio Nobel da Paz do 1992. Rigoberta leva moitos anos loitando porque no seu país, Guatemala se recoñezan os dereitos humanos a todos os seus habitantes, non só aos brancos. En América Latina as guerras non son como a que se está a dar en Europa. Alí loita o poder estabelecido contra " os rebeldes", contra a guerrilla. Pero esa guerrilla está integrada fundamentalmente por poboación indíxena que loita por unha vida digna. **RIGOBERTA MENCHU** loita coa mesma fin pero elexiu métodos pacíficos. Ela e nós queremos **PAZ.**



De novo temos que tratar no **ABRENTE** a problemática das mulleres que traballan na **CONSERVA**. As suas condicións laborais xa foron tratadas noutros artigos e hoxe coidamos importante falar da situación en que se atopa o sector e o que isto representa para o mantenimento do emprego.

Fonda crise na industria conserveira

Mentres os informes económicos, incluso xa aparecidos na prensa, din que o sector da conserva atravesa por un bon momento en canto a producción e ventas (datos no Faro de Vigo sobre as exportacións realiazadas no 1992), a pequena e mediana empresa atravesa unha fonda crise pola sua falta de competitividade no mercado. Esta situación fai que os postos de traballo de moitos empregados, onde máis do 80% son mulleres, estexan en perigo.

Moitas empresas nestes momentos teñen presentado regulación de plantilla, algunhas mesmo suspensión de pagos. Sumando o numero de postos de traballo que van perder as mulleres da conserva e evidente que o paro da muller en Galiza vai dispararse ainda máis do que xa está.

No Sindicato de Alimentación da I.N.T.G., tense constatado como as empresas se aproveitan da situación para desprenderse das traballadoras fixas e mesmo das fixas discontinuas, e pasan á práctica da **económia sumerxida.**

Algunhas destas empresas, onde posibelmente as mulleres perdan o seu posto de traballo, xa son coñecidas polas movilizacións que están a facer - caso de **MASSO Cangas** pero hai outras moitas que están pasando por situacións similares, ainda que non son coñecidas publicamente pois a loita que están levando, de momento, non é recollido pola prensa. Temos así o caso de **CYASA, NUÑEZ REY,** e outras que en conxunto suman centos de traballadoras.

Solidaridade coas traballadoras de Pez Austral

Cinco traballadoras de **PEZ AUSTRAL,** afiliadas da **C.I.G.,** forón despedidas a primeiros de Febreiro. As causas reais non teñen nada que ver coas que a empresa lle pon na carta de despido, variadas e ridículas. O certo deste despido fói a práctica sindical desta mulleres na empresa.

Na última folga do convenio colectivo estas compañeiras tiverón unha decidida actuación que, por suposto, non gustou a empresa que dende emtón comenzou a ter unha práctica represiva con aquelas persoas que estaban afiliadas. Con unhas poucas conqueriu o o seu obxectivo, con outras non lle foi posibel e po este motivo levou a represión ao seu grado máximo **O DESPIDO.**

Dende o Sindicato de Alimentación da **C.I.G., estanse a facer movilizacións de apoio a estas traballadoras despedidas, ESIXINDO A SUA READMISIÓN.**

COMO FUNCIONAN AS NOSAS SECRETARIAS

A Secretaria da Muller de Ferrol, leva funcionando, máis de 6 anos. No octubro pasado, aprobou un ambicioso programa. Até agora leva realizado un pase de pelicula "El Color Purpura". Neste acto a responsabel da Secretaria da Muller, Fina López, presentou o programa aprobada ante unha presencia moi numerosa de mulleres.

PROGRAMA:

Este novo curso 92-93, ten que supoñer unha nova etapa para a Secretria da Muller, pois dispoñemos dun número de mulleres moi importante para levar adiante un bo labor que consolide definitivamente a nosa Secretaria.

Un dos traballos fundamentais que se ten plantexado estas compañeiras é mellorar o contacto directo coas delegadas, mantendo reunión periodicas e programando traballos.

Situación laboral da muller

En porcentaxes o paro na muller no 1983 era dun 8,5% e no 1992 dun 20,40%. Neste mesmo periodo o paro nos homes era dun 10,8% no primeiro caso e do 13,09 no segundo.

Se analisamos o paro por idades, dámonos de conta que, non hai apenas diferencia na idade de 16 a 19 anos, mentres que na de 20 a 24 xa é alarmante pois supera o 10% así como na de 25 a 54 que pasa do 15%.

PARO POR IDADE NA MULLER

O paro na muller		
* Anos	1983	1992
* de 16 a 19 anos	34,10%	34,28%
* " 20 A 24 "	31,0%	41,42%
* " 25 a 54 "	5%	20.72%
* " 55 a máis	0,2%	3,11%

O paro no home:		
* Anos	1983	1992
* de 16 a 19 anos	28,4%	27,49%
* " 20 a 24 "	26,6%	27,54%
* " 25 a 54 "	9%	11,82%
* " 55 a máis anos	2,6%	6,92%

Nestas diferencias de incremento do paro nunhas idades, as máis mozas e non noutras, refléxase claramente a precarieade existente no emprego, pois moitas das paradas maiores de 20 anos son consecuencia de que contratos temporais non son renovados unha vez que superan a idade de apredizaxe ou cando as teñen que pasar a fixas e aplicarlles o salario estipulado en convenio. Esta precariedade no emprego tamén se reflexa nos datos do paro nos homes pois no primeiro grupo de idade dIsminue mentres que o grupo de máis de 25 anos aumenta en máis dun 3%

En consonancia con este aumento do paro hai unha disminución na taxa de ocupación da muller pois mentres que no 1983 habia un 38% de ocupadas no 1992 só era dun 31,55%.

Ainda que neste momento na oficina do I.N.E.N e do total de persoas que buscan emprego o 35,77% corresponden a mulleres e o 15,38% a homes, segue a haber desidia da muller a anotarse na oficina de emprego, se temos en conta o total de poboación activa, ocupada e parada. A este feito non podemos buscarlle disculpa, argumentando a falta de oportunidades, que efectivamente non as hai. É necesario que as mulleres manteñan unha actitude de esixencia de emprego para que, aqueles aos que lle compete a responsabilidade de buscar solucións, se vexan obrigados a facelo. Non asumir isto pode significar volver aos intramuros do fogar nas mesmas condicións das nosas avoas e atóparnos cos problemas das nosas nais de traballar sen ser remuneradas e agora non poder optar nen a xubilación.

SITUACIÓN LABORAL DA MULLER
POR SECTORES PRODUCTIVOS.

Ocupados por grupo de edade, sector económico e sexo.

Sectores Económicos	Total de ocupados	Grupos de edade (anos) De 16 a 19	De 20 a 24	de 25 a 55	de 55 e máis
Ambos sexos					
TOTAL	973.4	29.3	85.1	657.0	202.0
Agricultura	279.3	6.8	10.7	148.0	113.8
Industria	162.0	6.9	19.1	119.1	16.9
Construcción	100.7	5.8	12.9	74.5	7.5
Servicios	431.4	9.8	42.4	315.4	63.8
Homes					
TOTAL	595.1	17.9	51.3	411.1	114.9
Agricultura	132.0	4.4	7.5	68.7	51.4
Industria	121.1	4.1	13.1	90.5	13.5
Construcción	98.1	5.8	12.3	72.5	7.5
Servicios	243.9	3.6	18.3	179.3	42.6
Mulleres					
TOTAL	378.4	11.5	33.8	246.0	87.1
Agricultura	147.3	2.4	3.2	79.3	62.5
Industria	40.9	2.9	6.0	28.6	3.5
Construcción	2.6	-	.6	2.0	-
Servicios	187.6	6.2	24.0	136.2	21.2

Fonte: I.N.E., Enquisa poboación activa (miles de persoas). Segundo estos datos en todos os sectores existen variacións.

No sector do Agro e Pesca hai unha perda dun total de 179.0 ocupados/das (89.0 corresponden a mulleres e 90.0 a homes.

No sector da Industria hai unha perda con respecto ao ano 82 de 8.2 empregos que afectan aos homes mentres que neste mesmo periodo hai un aumento de 2.5 mulleres. Asi mesmo no sector hai unha recuperación en máis de l0.0 con respecto ao ano 88 que foi cando menos emprego houbo no sector.

Construcción ten un incremento de emprego con respecto ao 82 de 4.17 homes e 1.6 mulleres.

O sector onde máis emprego se creu foi en **SERVICIOS**, cun aumento de máis de 52.9 postos de traballo (52.9 correponden a mulleres e 38.3 a homes).

O sector servicios engloba a Ensino, Sanidade, Banca Administración Pública, Hosteleria e todo tipo de Servicios Públicos.

Como podemos observar o sector que máis disminue a ocupación é o do Agro e Pesca, consecuencia, como xa vimos denunciando, da entreda do E. Español no Mercado Comun Europeo e das consecuencias negativas que tivo para Galiza. As limitacións de Licencia de Pesca fai que haxa unha verdadeira crise no sector pesqueiro, que está levando a pique a moitas empresas. Neste caso a perda de emprego afecta aos homes a non ser casos aillados pois no sector da pesca é obvio que nón esta introducida a muller. Hai que contar eso si, coas mariscadoras e vendedoras de peixe que pertenecen a este mesmo sector e que na súa actividade son maioria, tendo en conta, eso si, que é un traballo temporeiro sobre todo o que se refire ás mariscadoras.

No sector do agro e Pesca a cousa é moi diferente. Aquí si están máis afectadas as mulleres ainda que é moi dificil cuantificar as ocupadas neste sector. No agro as mulleres atópanse dentro do que poderiamos chamar "Economia Sumerxida" xa que normalmente danse de alta na Seguridade Social co tempo xusto para cobrar a xubilación. Esta actitude ten a sua lóxica, pois o pago da Seguridade Social Agraria ten un costo moi elevado para o tipo de explotacións agrarias que hai no noso País, máis agora que está a padecer unha forte crise polas restriccións de producción impostas pola C.E.E.

No sector da industria hai o que podiamos chamar un discreto aumento do emprego feminino. De todos os xeitos coidamos é conveniente valorar este dato **POSITIVAMENTE**, pois non deixa de ser un avance para o noso empeño de implantación igualitaria. Non podemos de todos modos deixar pasar por alto que este aumento tamén é débido ás contratacións eventuais e con salarios inferiores aos dos homes. Neste apartado da industria segue a ser a muller a que vai na cabeza en actividades tan a sua " medida" coma a Conserva ou Textil seguindo sen ter implantación en outras actividades coma a **METALURXICA, a non ser no que se refire á administración.**

No sector da **CONSTRUCION**, sorpréndenos o dato dese aumento do 1,60 dende o ano 82 ao 92. É evidente que non é costume que vexamos a mulleres subidas aos andamios e de seguro que non as imos ver durante moito tempo, ainda que, como vai suceder agora, o Fondo Europeo vaia subvencionar cursiños de albañileria e outros oficios atípicos na muller. Non estaria demáis, dende logo, que as mulleres acedesen a todo tipo de traballo na construción, pero estamos convencidas de atóparnos coa oposición da Patronal, a non ser, claro, que os salarios sexan subvencionados.

O aumento da muller na construción, débese á implantación no sector dun novo enfoque comercial: As empresas constructoras que se constituen en empresas **CONSULTING e requiren presencia feminina para vender mellor o producto.**

O sector servicios **ESE SI QUE É O SECTOR DA MULLER**!!. Ironias á parte, é nesta actividade económica onde máis postos de traballo ocupamos as mulleres, tendo un aumento nos últimos dez anos de 52.97 mulleres e 38.3 homes.

O sector onde máis emprego se creu foi en **SERVICIOS**, cun aumento de máis de 52.9 postos de traballo (52.9 correponden a mulleres e 38.3 a homes).

Por englobar este sector tantas actividades diferentes seria interesante que houbese datos estadísticos por cada unha delas, pero, a diferencia do comercio que ten datos específicos, os demáis sectores están englobados. Non obstante podemos dicer que a maioria dos postos de traballo creados neste sector son os correspondentes ás Administracións Públicas pois practicamente foi a oferta de emprego máis numerosa.

Situación laboral da muller por sectores
Datos comparativos con outros anos:

	1982	1988	1992
Agric. e Pesca	237.0	217.9	147.3
Industria	38.4	39	40.9
Consrucción	1.0	0.9	2.6
Servicios	134.7	164.3	187.6

Situación laboral dos homes nos mesmos sectores.
Datos comparativo con outros anos:

	1 982	1 988	1 992
Agric. e pesca	222.0	190.5	132.0
Industria	129.0	111.2	121.1
Construcción	94.2	86.6	98.1
Servicios	205.6	231.4	243.9

cifras en miles de persoas

Locais da Intersindical Nacional dos Traballadores Galegos

Servizos Nacionais Couto de San Honorato 92 ent.	42.55.44 fax 48.25.24
36204 **VIGO** San Salvador 5-Ent. **U.T.E.G.**	47.33.43 Fax 48.05.05 48 21 19
36780 **A GUARDA** San Bernardo 39, baixo.	61.04.65
36940 **CANGAS** Avda. de Marin 17, Ent.-dta.	30.20.03
36400 **O PORRIÑO** A. Palacios, casa sindical (frente ás torres)	Tf-Fax 33.72.63
36800 **REDONDELA** Rua Picota 53	
36700 **TUI** Calvo Sotelo 33, 1º	
36002 **PONTEVEDRA** Pasanteria 1, 2º	85.29.50 Fax 85.50.50
36680 **A ESTRADA** Rúa Serafin Pazo 8, 1º	57.32.32
36650 **CALDAS** (UTLG) Rúa Ferreria 32	54.06.79
36630 **CAMBADOS** Infantas 7, 1º	54.27.43
36900 **MARIN** Calvo Sotelo 110, En	Tf/Fax 88.25.09
36980 **O GROVE** Pza. do Corgo 2, 1º	
36600 **VILAGARCIA** Baldosa 7, 2º	Tf-Fax (986) 50.53.23
15005 **A CORUÑA** Pardo Bazan 27, 3º U.T.E.G	24.16.62 FAX 15.15.39 15.11.54
15100 **CARBALLO** Fomento 37, 2º	70.30.55
15270 **CEE** Travesia do Matadeiro 3, 2º	74.52.66
15250 **MUROS** Xesta s/n	
15404 **FERROL** Nicaragua 10-12, E-dta.	Tf-Fax 31.77.00
15320 **AS PONTES** Avda Habana 95, baixo	Tf-Fax 45.15.10
15500 **FENE** Avda do Mar 27	
15350 **CEDEIRA** Rúa Real 18, baixo	
15635 **RIVEIRA** Gral Franco 64-66, 3º Dt	Tf-Fax 87.36.54
15930 **BOIRO** Carrero Blanco, E. Castelao B-2º	74.72.83
15200 **NOIA** Calvario, Edif. Brasil 3, 2º	82.37.54
15701 **SANTIAGO** Avda de Lugo 2-A, 1º Dta	59.34.69 Fax 59.46.86
27003 **LUGO** Ronda da Muralla 58, baixo	Tf-Fax 22.58.12
27600 **SARRIA** Jose Antonio 2	
227800 **VILALBA** Rúa Cidade de Viveiro	51.18.13
27400 **MONFORTE** A. Baanante s/n, 1º	40.30.05
27500 **CHANTADA** Juan XXIII 23, 1º dta	
27320 **QUIROGA** Gral Franco 72, baixo	
27850 **VIVEIRO** Zapateria 50, 1º	Tf-Fax 56.15.41
32003 **OURENSE** Parque San Lazaro 14, 3º	23.31.34 Fax 22.28.55
32500 **CARBALLIÑO** Carlos Belo 2, baixo	
32300 **O BARCO** Pza. do Concello 2 baixo	Tf-Fax 32.15.11
32600 **VERIN** Montemaior 10, 2º, port. 16	411013
MADRID	369.05.86

CIG

Converxencia Intersindical Galega